

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 24 DE XUÑO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00028735P.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar a acta correspondente ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local ordinaria de data 17 de xuño e a extraordinaria e urxente de data 20 de xuño de 2024.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00021694D.

Licenza obra maior para a construción dun edificio para 12 vivendas de promoción pública, garaxes e rochos na rúa Constantino Limia Nogueira parcela BB5 do SUN-12.

Acórdase conceder ao INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO (IGVS), licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 04/05/2023 e o proxecto de execución presentado na data 14/11/2023 redactados polos arquitectos Jordi Castro Andrade e arquitectas María González Ferro e Joana Covelo Alonso, coa documentación presentada o 29/02/2024, o 23/04/2024, o 24/05/2024 e o 12/06/2024, con orzamento de execución material de 1.957.926,61 €, a construción dun edificio para 12 vivendas de promoción pública, garaxes e rochos na rúa Constantino Limia Nogueira parcela BB5 do SUNP-12 Castiñeiriño Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00003374J.

Licenza para a execución dun edificio plurifamiliar entre medianeiras na rúa dos Concheiros, 54.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico de data de visado do 27/01/2021 e a documentación técnica complementaria do 08/03/2022 e o proxecto de execución achegado na data 26/12/2022 e documentación anexa achegada nas datas 20/11/2023 e 06/02/2024 redactados polo arquitecto Jordi Taulé Estruch cun orzamento de execución Material de 298.958,28 euros, a execución dun edificio plurifamiliar entre medianeiras na rúa dos Concheiros, 54 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00022646H.

Aceptar cesión de viario e licenza para a construción de vivenda unifamiliar illada na rúa Pequena, 47

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 10/02/2023, outorgada ante o notario don Manuel Remuñán López, co número de protocolo 321.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesus Maria Alonso Fernandez de data de visado do 31/03/2023 e documentación presentada o 10/10/2023, 02/01/2024 e o 07/06/2024, cun orzamento de execución material de 119.800,00€ €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Pequena, 47 en Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00006468X.

Aceptar cesión de viario e licenza para o parcelamento da finca sita no Lugar de Aldrei, 21 Marrozos.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 06/09/2023, outorgada ante o notario D^a Inmaculada Soto Espiñeira co número de protocolo 1847.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento redactado polo arquitecto Jorge Vales Fernández presentado o 09/02/2023 e documentación do 12/09/2023, o parcelamento da finca sita en lugar de Aldrei 21 Marrozos en Santiago de Compostela (A Coruña) parcela en cinco parcelas.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00052106S.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza para a construción de vivenda unifamiliar illada en Coto da Veiga, 7

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 30/01/2024, outorgada ante o notario don José Ignacio Feijoo Juarros, co número de protocolo 57.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de execucion redactado polo arquitecta Ana M^a Vereá Lourés de data de visado do 18/04/2024 e documentación presentada na data 22/05/2024 cun orzamento de execución material de 160.000 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada en Coto da Veiga, 7 en Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00005369X.

Licenza para a rehabilitación enerxética de edificio de vivendas sito na rúa Ponte de Sar, 89.

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Ponte de Sar, 89 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Silja Molist López e Santiago Domínguez Fernández de data de visado do 16/06/2023 cun orzamento de execución material 18.943,70€ e documentación presentada o 10/06/2024, a rehabilitación enerxética de edificio de vivendas sito na rúa Ponte de Sar, 89 en Santiago de Compostela (A Coruña).

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00017308N.

Licenza para a instalación de SATE en fachadas do edificio sito na rúa San Xoán, 8.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Susana Dosil Núñez presentado o 12/01/2023 con documentación complementaria de data 29/09/2023 e o 07/02/2024 cun orzamento de execución material de 18.042,90 €, a instalación de SATE en fachadas do edificio sito na rúa San Xoán, 8 Santiago de Compostela (A Coruña).

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00050248C.

Conceder licenza de obras de substitución do muro cortina en mal estado (situado na fachada leste do inmovible, cara á Rúa dos Xasmíns) e denegar a execución dunha estrutura cuberta no acceso dende Xoán XXIII.

Acórdase:

Primeiro: conceder á Xunta de Galicia licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a memoria asinada pola arquitecta María del Pilar González Ferro na data 13/06/2024, obras de substitución do muro cortina en mal estado (situado na fachada leste do inmovible, cara á Rúa dos Xasmíns) por outro que reproduza exactamente o mesmo modelo que o actualmente existente, xa que a intervención cumpre coa normativa urbanística municipal e as “Instrucciones de la Dirección General de Bellas Artes para la aprobación de proyectos de obras a realizar en las zonas de la ciudad de Santiago de Compostela afectadas por la declaración de conjunto histórico-artístico” que regulan as condicións das obras situadas dentro da Zona de Respecto e Protección da Paisaxe e Silueta urbana (Perímetro Azul). O novo muro cortina, ademais de conservar o deseño e composición do orixinal, deberá ter a mesma cor e acabado que o resto das carpinterías exteriores.

Segundo: Denegar a execución dunha estrutura cuberta no acceso dende Xoán XXIII, xa que non resulta posible autorizar dita intervención neste momento, tendo en cota que na data 28/09/2023 o Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela acordou a suspensión previa de licenzas para o estudo da reforma do planeamento vixente no ámbito da OE-6 (Escolas de Maxisterio en Xoán XXIII), e que a citada suspensión afecta, entre outros, aos procedementos de obras de nova edificación, así como ás obras de reforma que supoñan aumento do volume edificado, e ás que poida devir incompatibles coa protección dos elementos de interese do edificio existente.

Advírteselle polo tanto que será preciso agardar á finalización da suspensión previa e á aprobación da modificación do planeamento para poder estudar a posible autorización da citada intervención prevista na fachada da Avda. Xoán XXIII, a cal podería chegar a ser viable sempre e cando se considere que resulta compatible co grao de protección dos elementos de interese cultural do inmovible.

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00033644E.

Licenza para realizar obras de adecuación de vivenda na rúa das Hortas, 56, 2º.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de execución redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira, presentado o 20/12/2023 con documentación complementaria de data 26/03/2024, cun orzamento de execución material de 52.620,31 €, para obras de adecuación de vivenda sita na rúa das Hortas 56, 2º en Santiago de Compostela (A Coruña)

11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00055132D.

Licenza para a instalación dun ascensor e reforma do acceso ao portal dun edificio de vivendas para a eliminación das barreras arquitectónicas sito na travesa da Choupana, 3.

Acórdase conceder á comunidade de propietarios edificio Calderillas 3 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto

básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena de data de visado do 03/06/2022 e o 26/04/2024 e documentación presentada o 29/04/2024, cun orzamento de execución material de 94.500,00 €, a instalación dun ascensor e reforma do acceso ao portal dun edificio de vivendas parala eliminación das barreiras arquitectónicas sito na travesa da Choupana, 3 Santiago de Compostela (A Coruña).

12. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00001544A.

Licenza para a mellora de accesos e instalación dun ascensor no edificio sito na rúa García Prieto, 53 e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo.

Acórdase:

Primeiro: conceder á comunidade de propietarios García Prieto 53 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecta Sara C. López Pérez de data de visado do 12/02/2024 e documentación presentada o 16 e 22/05/2024 cun orzamento de execución material de 126.000,00 €, a mellora accesos e instalación dun ascensor no edificio sito na rúa García Prieto, 53 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo: autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 23/05/2024 solicitada pola comunidade de propietarios García Prieto 53 para a mellora accesos e instalación dun ascensor no edificio sito na rúa García Prieto, 53 Santiago de Compostela (A Coruña)

Terceiro: remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

13. PLANEAMENTO. Referencia: 2023/00050024A.

Aprobación provisional da Modificación puntual do Catálogo do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) na unidade edificatoria 511224 (rúa do Franco, 56)

Acórdase:

Primeiro. Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Catálogo do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) no ámbito da unidade edificatoria 511224 (rúa do Franco, 56).

Segundo. En aplicación do procedemento regulado no artigo 18.1.b) da Lei 1/2019 de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, o expediente remitirase á Dirección Xeral de Urbanismo, para que emita informe preceptivo e vinculante no prazo dun mes.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00013377E.

Prorroga do contrato de prestación de “Servizos para a xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela (Lote II: Bibliotecas”, polo prazo de UN ANO, a contar dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.

Acórdase:

Primeiro: prorrogar o contrato de prestación de “Servizos para a xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela (Lote II: Bibliotecas”,

adxudicado a ATLANTIC PONTE 2000, S.L. polo prazo de UN ANO, a contar dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.

Segundo: aprobar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 060 33403 2279900 co desglose por anualidades para o 2024 no que existe crédito adecuado e suficiente, e para o 2025 no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, segundo se deriva dos documentos contables RC que se xuntan ao expediente.

Anualidade 2024 (01/07/2024 ata 31/12/2024): 105.814,50 euros.

Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 30/06/2025): 105.814,50 euros. |

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00013362F.

Prorroga do contrato de prestación do “Servizos para a xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela (Lote I: Animación sociocultural)” polo prazo de UN ANO, a contar dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025. |

Acórdase:

Primeiro: prorrogar o contrato de prestación do “Servizos para a xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela (Lote I: Animación sociocultural)” adxudicado a SERVIPLUSTOTAL, S.L., co NIF.- B70019294 polo prazo de UN ANO, a contar dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.

Segundo: aprobar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 060 33403 2279900 co desglose por anualidades para o 2024 no que existe crédito adecuado e suficiente, e para o 2025 no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, segundo se deriva dos documentos contables RC que se xuntan ao expediente.

Anualidade 2024 (01/07/2024 ata 31/12/2024): 323.675 euros

Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 30/06/2025): 323.675 euros. |

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00034610E.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de execución do proxecto “Recuperación do Campus Sur para o cidadán”, operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020”. |

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de execución do proxecto “Recuperación do Campus Sur para o cidadán”, operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto. |

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017206W.

Declaración de deserto da licitación do expediente de contratación *Obras de execución do proxecto de "Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023, por non terse*

presentado ningunha oferta á licitación no prazo outorgado. |

Acórdase:

Primeiro. Declarar deserta a licitación do expediente de contratación *Obras de execución do proxecto de "Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023*, por non terse presentado ningunha oferta.

Segundo. Anular o gasto autorizado para este contrato con cargo á aplicación orzamentaria 070 45400 6190000 (código de proxecto: 2023 2 PPROV 35 3) por importe 212.718,39 € (Doc. contable A con número de operación 220240009126, contabilizado o día 13/05/2024). |

18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00001715J.

Declaración de deserto da licitación do expediente de contratación *Servizo de redacción novo proxecto, Dirección Obra, Dirección Execución Obras, Coordinación de SS da obra de reposición da legalidade na R. García Prieto, 9_11. Execución Setenza P.O.4387/1991*, por non terse presentado ningunha oferta á licitación no prazo outorgado. |

Acórdase:

Primeiro. Declarar deserta a licitación do expediente de contratación *Servizo de redacción novo proxecto, Dirección Obra, Dirección Execución Obras, Coordinación de SS da obra de reposición da legalidade na R. García Prieto, 9_11. Execución Setenza P.O.4387/1991*, por non terse presentado ningunha oferta.

Segundo. Anular o gasto autorizado con cargo á aplicación orzamentaria 050 15102 2269901 (código de proxecto: 2022 3 GP911 22 1) por importe 32.927,10 € (Doc. contable A con número de operación 220240009127, contabilizado o día 15/05/2024). |

19. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00028875X.

Proposta de aprobación pola Xunta de Goberno do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN ACONDICIONAMENTO DE BAIXO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL E DE MAIORES", asinado polo arquitecto MIGUEL SERRANO GÓMEZ con data de 19/06/2.024. |

Acórdase aprobar o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ACONDICIONAMENTO DE BAIXO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL E DE MAIORES", asinado dixitalmente polo arquitecto MIGUEL SERRANO GÓMEZ con data de 19/06/2.024, arquitecto colexiado nº 2.200 do COAG, co seguinte orzamento:

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 1.149.518,59 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 1.367.927,13 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. 1.655.191,83 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de 10 meses. |

20. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00025126X.

Aprobación da certificación final das obras de realización dun itinerario accesible dende a vía pública para o edificio de titularidade municipal que alberga o Museo do Pobo Galego, segundo o proxecto básico e de execución de "Eliminación de barreiras arquitectónicas para acceso á ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval", en Santiago de Compostela, expedida por ESPINA Y



CONCELLO DE SANTIAGO

DELFIN SL.

Acórdase:

1.- Aprobar a certificación final das obras de realización dun itinerario accesible dende a vía pública para o edificio de titularidade municipal que alberga o Museo do Pobo Galego, segundo o proxecto básico e de execución de “Eliminación de barreiras arquitectónicas para acceso á ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval”, en Santiago de Compostela, expedida por ESPINA Y DELFIN SL, por un importe de 23.493,86 euros, IVE engadido.

2.- Disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de realización dun itinerario accesible dende a vía pública para o edificio de titularidade municipal que alberga o Museo do Pobo Galego, segundo o proxecto básico e de execución de “Eliminación de barreiras arquitectónicas para acceso á ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval”, en Santiago de Compostela, expedida por ESPINA Y DELFIN SL.

21. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00021759R.

Aprobación e recoñecemento das obrigas da certificación final das obras de mellora da drenaxe no ámbito das Piscinas de Sar, na rúa das Fontes do Sar, en Santiago de Compostela, expedida por VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU.

Acórdase:

1.- Aprobar a certificación final das obras de mellora da drenaxe no ámbito das Piscinas de Sar, na rúa das Fontes do Sar, en Santiago de Compostela, expedida por VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU, por un importe de 8.191,88 €, ao que lle corresponde por IVE a cantidade de 1.720,29 €, sendo a contía total de 9.912,17 €.

2.- Dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de mellora da drenaxe no ámbito das Piscinas de Sar, na rúa das Fontes do Sar, en Santiago de Compostela, expedida por VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU.

22. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00036611E.

Aprobación da certificación final da obra “Pavimentación do lugar de Aradas (A Peregrina)”

Acórdase:

1. Aprobar a certificación 8 FINAL da obra "Pavimentación no lugar de Aradas (A Peregrina)"
2. Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación número 8 FINAL da obra “Pavimentación no lugar de Aradas (A Peregrina)” coa correspondente factura número F/2024/2188 por importe de 13.716,20 euros, IVE incluído, expedida pola empresa ALCOMTE GALICIA, S.L.

23. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2024/00028146V.

Aprobación de expediente de suplemento de crédito de importe 11.605,88 €, financiado con baixas por anulación, para atender a certificación final da obra da operación EDUSI denominada “Mellora da accesibilidade ao barrio de Pontepedriña”.

Acórdase



CONCELLO DE SANTIAGO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2024-SUPLE-04 por importe de ONCE MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (11.605,88 EUROS) para atender a certificación final da obra da operación EDUSI denominada “Mellora da accesibilidade ao barrio de Pontepedriña”.

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2024-SUPLE-04 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2024-SUPLE-04 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

CUARTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de suplemento de crédito 2024-SUPLE-04 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

24. ÁREA XI. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA. Referencia: 2024/00028660W.

OFI S/2024/20 por importe de 1479,15 € con 11 facturas expedidas por varias empresas en concepto de servizo de fotocopiadoras en diversas instalacións do Concello de Santiago

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CATROCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (1.497,15 €), que comeza pola factura número F/2024/547 por importe de 160,64 euros emitida por SOLITIUM e remata pola factura número F/2024/1023 por importe de 21,13 euros, emitida pola empresa VSM SISTEMAS CORUÑA SA, en concepto de servizo de mantemento de fotocopiadoras en diversos departamentos municipais correspondentes ao período entre novembro de 2023 e febreiro de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

25. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2024/00018066B.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento para o ano 2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre a Asociación Coordinadora Galega de ONGD para o Desenvolvemento e o Concello de Santiago, para o ano 2024.

26. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00021798V.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio coa Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales para o financiamento do “Programa de tratamento psicoterapéutico para as familias con fillos/as con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais ”. |

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales de data 13/06/2024 para o financiamento do “Programa de tratamento psicoterapéutico para as familias con fillos/as con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais ” pola contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €). |

27. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2024/00023925M.

Aprobación das Bases da convocatoria de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2024 |

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2024.
2. Autorizar o gasto de 250.000,00 € euros con cargo a aplicación orzamentaria 080 33400 4790100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Cultura. |

28. DEPORTES. Referencia: 2024/00020372V.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Triatlón Santiago para o ano 2024. |

Acórdase:

1. aprobar o borrador de convenio co CLUB TRIATLÓN SANTIAGO.
2. aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 20.000 € con cargo á aplicación 070 34100 4890010, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de marzo de 2024. |

29. DEPORTES. Referencia: 2024/00020369Z.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual “Special Olympics Galicia”, ano 2024. |

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 19 de xuño de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL “SPECIAL OLYMPICS GALICIA” para o ano 2024. |

30. DEPORTES. Referencia: 2024/00020376K.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Atletismo, ano 2024. |

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 19 de xuño de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO para o ano 2024. |

31. DEPORTES. Referencia: 2024/00020371Q.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co Club Ciclista

Compostelano, ano 2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 19 de xuño de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB CICLISTA COMPOSTELANO para o ano 2024.

32. DEPORTES. Referencia: 2024/00020380W.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co Club Sociedade Deportiva Compostela, ano 2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 19 de xuño de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA para o ano 2024.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00009228M.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 275/2023 CA4-Coruña sobre desestimación do recurso contra a providencia constrinximento ditada o 28.03.2022, para o cobro dunha sanción de tráfico por importe de 900 euros

Resolución: Sentenza 109/2024, de 30 de maio, do Xulgado do Contencioso administrativo núm. 4 da Coruña

Procedemento: PA 275/2023

Obxecto: Resolución do tesoureiro municipal de 20.07.2023, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a providencia constrinximento ditada o 28.03.2022, para o cobro dunha sanción de tráfico por importe de 900 euros

A sentenza é favorable ao Concello e é firme —diligencia de ordenación de 12.06.2024—, polo que non procede interpor recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Tesourería (Sección de Recadación) para o seu coñecemento e efectos oportunos

34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00029024K.

Tomar coñecemento do Auto recaído no PA 525/2020 CA1 sobre desestimación do recurso interposto contra o Acordo da XGL de 6.07.2020, polo que se declara a caducidade do procedemento de execución da OEP do ano 2016 (BOP 16.12.2016) ao ter transcorrido o prazo de tres anos.

Resolución: Auto 82/2024, de 20 de maio, do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 525/2020

Obxecto: Decreto de 8.10.2020 da concelleira delegada de Economía e Facenda polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra o Acordo da XGL de 6.07.2020, polo que se declara a caducidade do procedemento de execución da OEP do ano 2016 (BOP 16.12.2016) ao ter transcorrido o prazo de tres anos, en relación cunha serie de prazas, entre a que se atopa a de arquitecto superior (persoal funcionario)

O auto ten a parte actora por desistida do recurso contencioso-administrativo por non comparecer ao acto da vista e da por terminado o procedemento condenando á parte demandante ás custas procesuais.

O auto é firme —diligencia de ordenación de 6.06.2024— polo que non procede a interposición de recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00029010F.

Tomar coñecemento do Auto recaído no PA 355/2022 CA1 sobre reclamación por funcionario por lesións sufridas no exercicio das súas funcións.

Resolución: Auto 80/2024, de 15 de maio, do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 355/2022

Obxecto: desestimación presunta (por silencio administrativo) da reclamación presentada con data 21.12.2021 por un funcionario do corpo de Policía Local do Concello de Santiago como consecuencia das lesións sufridas en exercicio das súas funcións.

O auto declara terminado o procedemento polo recoñecemento total das pretensións na vía administrativa —Resolución 2024/4458, de 15.04.2024, do concelleiro delegado de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local. A resolución xudicial condena nas custas ao Concello de Santiago, por importe de 200 euros.

Contra o auto, que é firme segundo o declarado pola dilixencia de ordenación de 3.06.2024, non procede a interposición de recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos oportunos

36. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00028735P.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 14 e o 20 de xuño de 2024.

URXENCIAS

37. TESOURERÍA CENTRAL. Referencia: 2024/00025568S.

Aprobación dunha operación de préstamo ano 2024.

Acórdase;

PRIMEIRO.- aprobar o expediente para a contratación dun préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito por importe de nove millóns euros (9.000.000,00€) para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2024.

SEGUNDO.- aprobar o prego de prescricións.

38. ÁREA XI. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA. Referencia: 2024/00029277K.

OFI S/2024 con trinta e cinco facturas expedidas por varias empresas por servizo de fotocopiadoras en diversas instalacións do Concello de Santiago

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL SEISCENTOS COARENTA EUROS E OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.640,89 €) e que comeza pola número F/2024/551 por importe de 160,64 euros, emitida por SOLITIUM SL e finaliza pola número F/2024/1951 por importe de 20,90 euros, emitida por SOLITIUM SL en concepto de servizo de mantemento de fotocopiadoras en diversos departamentos municipais correspondentes ao período entre decembro do 2023 e abril de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

39. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia:

Recepción de obras de instalación de lazos inductivos nos accesos ao casco histórico.

Acórdase recibir as obras executadas pola entidade Alumbrados Viarios S.A., en execución do contrato aprobado por Decreto do Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade, de data 7 de febreiro de 2024, consistentes en diversas intervencións no pavimento enlosado preto dos accesos controlados do casco histórico, nas rúas: San Francisco, San Fiz de Solovio a Porta Faxeira, rúa do Cardeal Paya, segundo se detalla no informe do técnico municipal do Servicio de Mobilidade, de 14 de xuño de 2024 e, de conformidade coa Acta de Recepción de Obra asinada o 26 de abril de 2024.

40. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00022541R.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado coa Fundación Down Compostela para o financiamento do “Proxecto de Vida Independente: Esto é Vida”.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela con de data 21/06/2024 para o financiamento do “Proxecto de Vida Independente: “Esto é Vida” pola contía de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €). |